# Escola de Caza

## CURSOS ONLINE 2021

**Campus virtual da EscolaDeCaza.gal**

**PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA**
Seguridade na caza e primeiros auxilios – 2ª convocatoria online

**FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA**
Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza – 4ª convocatoria online




## Matrícula gratuíta

# MEMORIA DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA

**Convenio CMATV 2021**

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Federación Galega de Caza

ESCOLA DE CAZA

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

# I N D I C E


| | |
|---|---|
| **ACTIVIDADE I (Cursos de formación)** | 3-14 |
| DESTINATARIOS | 4 |
| DURACIÓN | 4 |
| CONTIDOS | 4-6 |
| 1. Formación de responsables de sociedades de caza: Curso Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza | 4-5 |
| 2. Prevención da siniestralidade e seguridade na práctica cinexética: Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios | 5-6 |
| RELATORES/AUTORES | 6-7 |
| PARTICIPACIÓN E AVALIACIÓN | 7 |
| CERTIFICADO DE ASISTENCIA | 8 |
| MATERIAL DIDÁCTICO | 9 |
| ACTAS DE PARTICIPACIÓN E AVALIACIÓN | 9 |
| DIFUSIÓN DOS CURSOS | 9-12 |
| ENQUISA DE SATISFACCIÓN | 13-14 |
| **ACTIVIDADE II (Campañas de Divulgación e Fomento da Actividade Cinexética)** | 15 |
| **XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DO CONVENIO** | |
| **ANEXO 1 ACTAS DE PARTICIPACIÓN E AVALIACIÓN** | |

Federación Galega de Caza

ESCOLA DE CAZA

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

# ACTIVIDADE I: CURSOS DE FORMACIÓN

Debido á situación sanitaria producida pola COVID-19 para non poñer en risco a saúde dos alumnos, a FGC optaba, por segundo ano consecutivo, por impartir todos os cursos de xeito online a través do campus virtual da *Escola de Caza*.

A aula virtual acollía a cuarta edición do curso de **FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA**, no que se abordaba a xestión interna e administrativa á que teñen que facer fronte no seu día a día os directivos destas asociacións, e a segunda edición online do curso de **PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA** que tiña por obxecto instruír aos cazadores na seguridade durante a práctica da actividade cinexética así como ensinarlle unhas nocións básicas de primeiros auxilios para que, de darse o caso, poidan socorrer a un compañeiro enfermo ou lesionado.

Ámbolos-dous cursos ían dirixidos a directivos e responsables de cazaría das sociedades de caza, pero tamén a técnicos cinexéticos, gardería, administrativos e cazadores en xeral.

Na formación participaban **184 alumnos, 88 no curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza e 96 no de Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética**, conforme á seguinte distribución por provincias:

| FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA<br>Alumnos matriculados, por provincia | | |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 42 | 47,73% |
| LUGO | 19 | 21,59% |
| OURENSE | 17 | 19,32% |
| PONTEVEDRA | 9 | 10,23% |
| OUTRAS | 1 | 1,14% |
| TOTAL …. | **88** | |

| PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA<br>Alumnos matriculados, por provincia | | |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 45 | 46,88% |
| LUGO | 20 | 20,83% |
| OURENSE | 16 | 16,67% |
| PONTEVEDRA | 14 | 14,58% |
| OUTRAS | 1 | 1,04% |
| TOTAL …. | **96** | |

Os cursos iniciábanse o día 4 de outubro e remataban o día 29 do mesmo mes, podendo os alumnos acomodar os horarios da formación ás súas necesidades particulares.

A proba de avaliación final (optativa) realizábase a última semana de outubro, e nela participaban máis do 73% dos alumnos matriculados (134 de 184).

O 43% dos alumnos participaron nunha enquisa, anónima e voluntaria, na que 9 de cada 10 enquisados, manifestaron ter acadados os obxectivos que agardaban.

## DESTINATARIOS.

1. **FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:**
   ***Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.***

   O curso ía dirixido principalmente a responsables e directivos das sociedades de caza, administrativos e xestores, pero tamén a aqueloutras persoas interesadas en formarse na xestión interna, administrativa e documental deste tipo de entidades.

2. **PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:**
   ***Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.***

   Esta formación estaba encamiñada principalmente aos responsables de cazaría e cazadores de caza maior, pero tamén a aqueloutros cazadores, gardería, responsables de sociedades, xestores cinexéticos e outros colectivos interesados en formarse en materia de seguridade e primeiros auxilios.

## DURACIÓN.

Os alumnos tiñan dispoñibles os cursos desde o 4 ata 29 de outubro e durante este período podían conectarse aos mesmos en calquera horario, durante as 24 horas do día.

A proba de avaliación, no caso daqueles alumnos que optaban por someterse á mesma para evaluar os coñecementos adquiridos, realizábase entre os días 25 e 29 de outubro.

## CONTIDOS.

1. **FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:**
   ***Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.***

   A formación da ***xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza*** constaba de 15 temas divididos á súa vez en 4 bloques, e un vídeo sobre seguridade nas cazarías.

   - **Bloque 1 Lexislación.**
   - **Bloque 2 O réxime documental**.
   - **Bloque 4 O réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal.**
   - **Bloque 5 As comunicacións internas e externas da asociación.**

   Como novidade, nesta edición, incorporábase no bloque 2, un apartado referido a documentar o traspaso de poderes entre as xuntas directivas saíntes e entrantes, tralos procesos electorais desenvolvidos nas sociedades de caza.

| TEMA | TÍTULO |
|---|---|
| **Bloque 1: LEXISLACIÓN.** | |
| Tema 1: | Lei do Deporte de Galicia. |
| Tema 2: | Socios/as, admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión. |
| Tema 3: | Os órganos de goberno e representación:<br>Convocatorias, competencias e acordos. |
| Tema 4: | O proceso electoral:<br>Convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral e candidaturas. |
| Tema 5: | O regulamento de réxime interno da asociación. |
| Tema 6: | A responsabilidade dos/as socios/as, directivos/as e sociedade. |
| Tema 7: | A responsabilidade civil da sociedade nos danos a cultivos. |
| Tema 8: | Os seguros de responsabilidade civil:<br>Responsabilidade civil do cazador/a e da sociedade. |
| **Bloque 2: O RÉXIME DOCUMENTAL.** | |
| Tema 9: | Os libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización:<br>Libro de rexistro de socios/as, libro de actas e libros de contabilidade.<br>O traspaso de poderes entre a xunta directiva saínte e entante. (NOVO) |
| **Bloque 3: O RÉXIME ECONÓMICO, FINANCEIRO, PATRIMONIAL E FISCAL.** | |
| Tema 10: | As contas anuais:<br>O patrimonio, os dereitos e obrigacións, os ingresos e gastos, o orzamento e os requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade. |
| Tema 11: | A responsabilidade do tesoureiro/a:<br>Disposición de fondos, facturas e forma de pago. |
| Tema 12: | As obrigas tributarias:<br>CIF, exención do IVE, imposto de sociedades. |
| **Bloque 4: AS COMUNICACIÓNS INTERNAS E EXTERNAS DA ASOCIACIÓN.** | |
| Tema 13: | As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC. |
| Tema 14: | O plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores/as. Outras comunicacións. |
| Tema 15: | As comunicacións coa Consellería de competente en materia de caza: A aplicación informática de caza. Suposto práctico. |
| **VÍDEO SOBRE SEGURIDADE NAS CAZARÍAS.** | |

## 2. PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA: *Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.*

A formación ***de seguridade na caza e primeiros auxilios*** constaba de 17 temas divididos en 5 bloques así como un vídeo sobre seguridade nas cazarías colectivas.

- **Bloque 1 Seguridade nas cazarías colectivas.**
- **Bloque 2 Lexislación.**
- **Bloque 3 Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza.**
- **Bloque 4 A contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza.**
- **Primeiros auxilios.**

Respecto á edición anterior, este ano **incorporouse como novidade un tema sobre o Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC).**

| TEMA | TÍTULO |
|---|---|
| **Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS.** | |
| Tema 1: | Fase de inicio e preparación da cazaría. |
| Tema 2: | Fase de execución da cazaría. |
| Tema 3: | Finalización da cazaría. |
| Tema 4: | Normas de seguridade na caza e decálogo do cazador. |
| Tema 5: | Decálogo de Seguridade. O cazador novel. |
| Tema 6: | Protocolo sanitario fronte á COVID-19. |
| **VÍDEO SOBRE SEGURIDADE NAS CAZARÍAS.** | |
| **Bloque 2: LEXISLACIÓN.** | |
| Tema 7: | As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías. |
| Tema 8: | Os seguros de responsabilidade civil:<br>A responsabilidade civil do cazador e a responsabilidade civil da sociedade de caza. |
| Tema 9: | O Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía:<br>Inscrición dos cans no REGIAC (obrigas, altas, baixas, modificación de datos e de propietario. (NOVO) |
| **Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DE CARNE DE CAZA.** | |
| Tema 10: | Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza: nocións xerais. |
| Tema 11: | Prevención de enfermidades: peste porcina africana (PPA) e triquinose. |
| **Bloque 4: A CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SEGURIDADE DA CAZA.** | |
| Tema 12: | O uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade. |
| Tema 13: | A imaxe do cazador/a e as redes sociais. |
| **Bloque 5: PRIMEIROS AUXILIOS.** | |
| Tema 14: | Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e outras. |
| Tema 15: | Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns. |
| Tema 16: | Actuación ante o accidente do can. |
| Tema 17: | O botiquín de primeiros auxilios do cazador/a. |

## RELATORES/AUTORES.

Na elaboración e revisión dos 32 temas impartidos (15 de *xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza e 17 de seguridade na caza e primeiros auxilios)* participaron 16 relatores, expertos nas diferentes materias, que foron os encargados de confeccionar os citados temas, baixo a dirección de José Andrés Freire Ares (director dos cursos), e en coordinación coa FGC que se ocupaba do seu deseño e estrutura.

| XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA | |
|---|---|
| **RELATOR** | **CARGO** |
| Mª Teresa González Justo | Avogada. Asesora Xurídica da FGC. |
| Diego Quintas Ramos | Enxeñeiro Téc. Agrícola. Cazador. Membro fundador das Xuventudes pola Caza. |
| Javier Nogueira Diz | Conselleiro de Mutuasport, Presidente da FGC. Cazador. Empresario. |
| Mariluz Rey Cotelo | Téc. Sup. Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC. |
| Darío Andrade Expósito | Técnico de Caza da CMATV. Cazador. |
| **DIRECCIÓN DO CURSO: JOSÉ ANDRÉS FREIRE ARES (Director da Escola de Caza)** | |

| SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS | |
|---|---|
| **RELATOR** | **CARGO** |
| Darío Andrade Expósito | Técnico de Caza da CMATV. Cazador. |
| Diego Pallas Lage | Téc. Superior de Xestión Forestal e Conservación do Medio Natural. Representante das Xuventudes pola Caza. Cazador. |
| José Moure Caneda | Secretario Xeral da FGC. Coordinador Fisicovid. Cazador. Funcionario. |
| Mª Teresa González Justo | Avogada. Asesora Xurídica da FGC. |
| Javier Nogueira Diz | Conselleiro de Mutuasport, Presidente da FGC. Cazador. Empresario. |
| Borja Tábaas Rial | Licenciado en Veterinaria Pola Universidade Alfonso X O Sabio. |
| Luis Eusebio Fidalgo Álvarez | Doutor en Veterinaria da USC. Cazador. |
| José Manuel Vidal Lamela | Secretario Xeral FGC Lugo. Cazador. Funcionario. |
| Antón Arrojo Reguera | Director Galicia Cinexética. Cazador. Biólogo. |
| Carlos Sánchez Pontón | Xornalista. |
| Silvia Díaz Fernández | Médico do SERGAS. Cazadora. |
| **DIRECCIÓN DO CURSO: JOSÉ ANDRÉS FREIRE ARES (Director da Escola de Caza)** | |

## PARTICIPACIÓN E AVALIACIÓN.

Os alumnos que realizaron a formación **podían optar por realizar ou non o cuestionario de avaliación final** para valorar os coñecementos que adquiriron.

O cuestionario de avaliación consistía en 50 preguntas tipo test sobre o temario impartido en cadaún dos cursos. Para resultar APTO os alumnos debían responder correctamente alomenos ao 60% das preguntas en 40 minutos.



**Dos 184 alumnos matriculados realizaron a proba de avaliación final o 73%, resultando APTOS o 99% dos que se someteron ao exame.**

| CURSO | Alumnos matriculados | Alumnos presentados á proba de avaliación | % alumnos matriculados presentados á avaliación final | Alumnos APTOS | Puntuación media |
|---|---|---|---|---|---|
| Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza. | 88 | 64 | 72,73% | 62 | 44,83 S/50 |
| Seguridade na caza e primeiros auxilios. | 96 | 70 | 72,92% | 70 | 47,47 S/50 |
| | **184** | **134** | **72,82%** | **132** | |

Únense á presente memoria as actas de participación e avaliación (Anexo 1).

## CERTIFICADO DE ASISTENCIA.

Aqueles alumnos que resultaban APTOS recibían unha certificación de ter superados os cursos, con expresión dos seus contidos e duración.



DON JOSÉ MOURE CANEDA, EN CALIDADE DE SECRETARIO XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA.-------------------------

**CERTIFICA:**

Que Don/a ............... con DNI nº ......... realizou con aproveitamento o curso online de **Formación de Responsables de Sociedades de Caza "xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza" (4ª edición online)**, impartido na aula virtual da Escola de Caza da FGC entre os días 4 e 29 de outubro de 2021, no que resultou **APTO**.

E para que conste aos efectos oportunos, expídese a presente certificación en Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2021.

Vº Pº
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Javier Nogueira Diz

Asdo.: José Moure Caneda

O DIRECTOR DA ESCOLA DE CAZA,

Asdo.: José Andrés Freire Ares

ÁREA FORMATIVA:

CURSO ONLINE DE FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:
"XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA"
Campus da Escola de Caza da FGC - 4ª convocatoria online
Do 4 ao 29 de outubro de 2021



DON JOSÉ MOURE CANEDA, EN CALIDADE DE SECRETARIO XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA.-------------------------

**CERTIFICA:**

Que Don/a ............... con DNI nº ......... realizou con aproveitamento o curso online de **Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Practica Cinexética "seguridade na caza e primeiros auxilios" (2ª edición online)**, impartido na aula virtual da Escola de Caza da FGC entre os días 4 e 29 de outubro de 2021, no que resultou **APTO**.

E para que conste aos efectos oportunos, expídese a presente certificación en Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2021.

Vº Pº
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Javier Nogueira Diz

Asdo.: José Moure Caneda

O DIRECTOR DA ESCOLA DE CAZA,

Asdo.: José Andrés Freire Ares

ÁREA FORMATIVA:

CURSO DE PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:
"SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS"
Campus da Escola de Caza da FGC - 2ª convocatoria online
Do 4 ao 29 de outubro de 2021

## MATERIAL DIDÁCTICO.

Os alumnos matriculados recibían por correo postal ordinario nos seus domicilios, entroutro, o seguinte material:

- Bolígrafos.
- Viseiras laranxa.
- Chalecos laranxa.
- Dípticos do decálogo do cazador.
- Dípticos de seguridade nas cazarías.
- Sinais de atención cazaría.
- Carterillas portadocumentos.




## ACTAS DE PARTICIPACIÓN E AVALIACIÓN.

Como **Anexo 1** achégase coa presente memoria a acta de avaliación de cadaún dos cursos, nos que constan todos os alumnos matriculados, tanto os presentados á proba de avaliación como aqueloutros que non se someteron á mesma.

As referidas actas conteñen **datos persoais e polo tanto suxeitos á normativa vixente de protección de datos**, polo que dita información ten como única finalidade a xustificación dos cursos aos que se fai referencia no convenio de colaboración asinado entre a FGC e CMATV, non podendo ser utilizada ningunha información contida nas referidas actas para outra finalidade distinta, debendo adoptarse as medidas necesarias para garantir a súa confidencialidade, sendo responsable o destinatario da información fronte á FGC dos danos e prexuízos causados que se puideran derivar de reclamacións de terceiros ou da AEPD, sempre e cando sexan consecuencia do incumprimento das anteriores obrigas.

## DIFUSIÓN DOS CURSOS.

A finais do mes de agosto poñíase en marcha a organización dos cursos, remitíase o programa á Consellería CMATV para o seu visto e prace, e a continuación difundíase entre as sociedades de caza e os cazadores, por email, whatsapp, redes sociais, páxina web e revista *Galicia Cinexética* co obxecto de chegar a todos os posibles interesados.








Federación Galega de Caza
6 de septiembre a las 23:19

Aberto o prazo de matrícula nos cursos online 2021 da Escola de Caza da Federación Galega de Caza. Coma sempre, 100% online, gratuitos e abertos para tódolos cazadores e interesados na seguridade e a xestión cinexética.

Envíanos o boletin de inscrición cuberto e asinado a escola@federaciongalegadecaza.com

BOLETÍN
https://www.federaciongalegadecaza.com/.../boletin-inscricion...



13 — 6 veces compartida



Federación Galega de Caza
@fgalegacaza

Aberto o prazo de matrícula nos cursos online 2021 da Escola de Caza da Federación Galega de Caza. Coma sempre, 100% online, gratuitos e abertos para tódolos #cazadores e interesados na seguridade e a xestión #cinexética. Coa colaboración de @MAmbienteXunta



8:21 a. m. · 7 sept. 2021 · Twitter Web App

Ver actividad del Tweet

3 Retweets 2 Me gusta



21 Noticias

# La Federación Galega de Caza apuesta por la formación y la seguridad del cazador

17/09/2021 — Redacción Galicia — Deja un comentario

La Federación Galega de Caza comienza su particular curso escolar cinegético con la apertura de los **Cursos Online sobre la Prevención, Seguridad y Formación** en el campo de la caza.

Al igual que en la pasada edición, dada la actual situación sanitaria y con el objeto de favorecer el acceso a todos los cazadores desde cualquier rincón de Galicia la formación será impartida de manera telemática y totalmente gratuita, a través del campus virtual de la Escola de Caza de la FGC.

La Formación de responsables de Sociedades de Caza, que va por su cuarta edición online, aborda la gestión interna y administrativa a la que tienen que hacer frente en su día a día los directivos de estas asociaciones, mientras que el Curso de Seguridad en la Caza y Primeros Auxilios (2ª convocatoria online) pretende aproximar a los cazadores a la prevención de la siniestralidad y a la practica de la caza como una actividad segura.

Ambos cursos están dirigidos a directivos y responsables de cacería de las sociedades de caza, pero también a técnicos cinegéticos, guardas, administrativos y cazadores en general.

Los cursos se iniciarán el día 4 de octubre y finalizarán el día 29





La inscripción podrá realizarse hasta el 27 de septiembre enviando el boletín de matrícula debidamente cumplimentado a escola@federaciongalegadecaza.com. El boletín puede descargarse desde la página web de la FGC.

La formación e información del cazador gallego es cada día mayor, pero cuando se trata de seguridad cinegética es fundamental la prudencia, pero también la formación, por lo que desde la FGC animan a participar en esta nueva edición de los cursos online para que ningún cazador se quede atrás.

Categoría: GALICIA Etiquetas: caza, escola, FGC

« A Confederación Hidrográfica Miño-Sil investirá máis de 3,2M€ en mellorar o saneamento e a EDAR de Vilalba
Feijóo e Ana Beltrán arroupan a Elena Candia na súa reelección como presidenta provincial »

Deja una respuesta

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

Comentario

Nombre *

Correo electrónico *

Web

Publicar el comentario


Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com
MUTUASPORT
Novas
Unha aposta firme da Federación Galega de Caza pola formación e a seguridade do cazador
ESCOLA DE CAZA
Matrícula gratuíta
Descargar programa dos cursos
Descargar boletín de inscrición
MUTUASPORT


RADIO NOVA
Ayer a las 3:53
CAZA E NATUREZA | Esta semana Paco Couselo contactou con Antón Arrojo, director de "Galicia Cinexética", para achegar aos nosos oíntes a actualidade en canto a noticias cinexéticas. Ademais, Arrojo tamén informou dos cursos online gratuítos sobre a prevención, seguridade e formación no eido da caza, a través do campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza.
ESCOITA AQUÍ https://go.ivoox.com/rf/75717103
do cazador
Matrícula gratuíta
4
5 veces compartida


Federación Galega de Caza
17 de septiembre a las 0:45
Novamente a Federación Galega de Caza comeza o seu particular curso escolar cinexético coa apertura dos Cursos Online sobre a Prevención, Seguridade e Formación no eido da caza.
ESCOLA DE CAZA
Matrícula gratuíta
FEDERACIONGALEGADECAZA.COM
Unha aposta firme da Federación Galega de Caza pola formación e a seguridade do cazador | Federación Galega d...
12
3 comentarios 8 veces compartida
Compartir



Escola de Caza – Cursos Online 2021

Unha aposta firme da Federación Galega **de Caza pola formación e a seguridade do cazador**

Matrícula gratuíta

Novamente a Federación Galega de Caza comeza o seu particular curso escolar cinexético coa apertura dos **Cursos Online sobre a Prevención, Seguridade e Formación no eido da caza**.

Ao igual que na pasada edición, dada a actual situación sanitaria e co obxecto de favorecer o acceso a todos os cazadores desde calquera recuncho de Galicia a formación será impartida de xeito telemático e totalmente gratuíto, a través do campus virtual da Escola de Caza da FGC.

A Formación de Responsables de Sociedades de Caza, que vai pola súa cuarta edición online, aborda a xestión interna e administrativa á que teñen que facer fronte no seu día a día os directivos destas asociacións, mentres que **Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios** (2ª convocatoria online) pretende aproximar aos cazadores á prevención da sinistralidade e á práctica da caza como unha actividade segura.

Ámbolos dous cursos están dirixidos a directivos e responsables de cazaría das sociedades de caza, pero tamén a técnicos cinexéticos, gardería, administrativos e cazadores en xeral.

Os cursos iniciaranse o día **4 de outubro** e rematarán o día **29 do mesmo mes**, podendo os alumnos adaptar os horarios da formación ás súas necesidades particulares.

A formación e información do cazador galego é cada día maior, pero cando se trata de seguridade cinexética é fundamental a prudencia pero tamén a formación, polo que desde a **FGC** animan a participar nesta nova edición dos cursos online para que ningún cazador se quede atrás.

Nas dúas seguintes páxinas atoparás os contidos dos cursos polo miúdo e para máis información na web da **FGC**: www.federaciongalegadecaza.com

SOCIEDAD DEPORTIVA
RIO SAR
• Centro Específico de Alto Rendemento Deportivo para o Tiro e Caza de Galicia.
• Centro Colaborador de Formación: Federación Galega de Caza e Federación Galega de Tiro Olímpico.
• 8 canchas automáticas.
• Modalidades: foso olímpico e universal, doble trap, hélices, percorridos de caza, compack sporting e tiro o voo.
• Tiradas para sociedades, grupos de empresas, asociacións e grupos de amigos.
• Restaurante – Cafetería – Bar.
XUNTA DE GALICIA
Federación Galega de Caza
DEPUTACIÓN
www.riosar.com



## ENQUISA DE SATISFACCIÓN.

Ao igual que en edicións anteriores, durante o desenvolvemento dos cursos pasóuselle un cuestionario aos alumnos para que, de xeito anónimo e voluntario, responderan a unha serie de preguntas, para poder coñecer o seu grao de satisfacción sobre a formación impartida.

**4,4 alumnos de cada dez manifestaron a súa opinión sobre a formación recibida, respondendo a enquisa.**

| CURSO | Alumnos matriculados | Enquisas contestadas | % alumnos que responderon enquisa |
|---|---|---|---|
| Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza. | 88 | 41 | 47% |
| Seguridade na caza e primeiros auxilios. | 96 | 39 | 41% |
| | **184** | **80** | **43%** |

Á pregunta ¿***COMO SE ENTEROU DO CURSO*? 6,9 enquisados de cada 10 responderon que a través da FEDERACIÓN** e 1,3 (de cada 10) a través da sociedade de caza.

Preguntado ***"¿COMO ATOPOU O CONTIDO DO CURSO?*" 7,6 alumnos de cada 10 manifestaron que MOI ÚTIL** e 2,4 (de cada 10) aconsellable.

Á pregunta ***¿RESOLVEU AS SÚAS DÚBIDAS?* 6,5 enquisados de cada 10 sinalaron telas resoltas TOTALMENTE** e 3,50 (de cada 10) nalgúns casos.

Consultado ***¿ACADOU OS OBXECTIVOS QUE AGARDABA?* 9 enquisados de cada 10 contestaron que SI** e 1 (de cada 10) sinalaba telos acadados de xeito parcial.

E por último, á pregunta ***¿RECOMENDARÍA O CURSO?* todos os alumnos que participaron na enquisa responderon que SI**.

| **PREGUNTAS** | **TOTAL RESPOSTAS** | | | **% RESPOSTAS** | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xestión interna e admva dunha sdade de caza | Seguridade na caza e primeiros auxilios | **TOTAL RESPOSTAS** | Xestión interna e admva dunha sdade de caza | Seguridade na caza e primeiros auxilios | **% TOTAL RESPOSTAS** |
| ***¿COMO SE ENTEROU DO CURSO?*** | | | | | | |
| Pola Federación (web, redes, revista, mail, watsaap, etc) | 29 | 26 | 55 | 70,73% | 66,67% | 68,75% |
| Por un compañeiro | 4 | 5 | 9 | 9,76% | 12,82% | 11,25% |
| Pola sociedade de caza | 6 | 4 | 10 | 14,63% | 10,26% | 12,50% |
| Por outros medios | 2 | 4 | 6 | 4,88% | 10,26% | 7,50% |
| | **41** | **39** | **80** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |

| PREGUNTAS | TOTAL RESPOSTAS | | | % RESPOSTAS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xestión interna e admva dunha sdade de caza | Seguridade na caza e primeiros auxilios | TOTAL RESPOSTAS | Xestión interna e admva dunha sdade de caza | Seguridade na caza e primeiros auxilios | % TOTAL RESPOSTAS |
| ***¿COMO ATOPOU O CONTIDO DO CURSO?*** | | | | | | |
| Moi útil | 32 | 29 | 61 | 78,05% | 74,36% | 76,25% |
| Aconsellable | 9 | 10 | 19 | 21,95% | 25,64% | 23,75% |
| Sen utilidade | 0 | 0 | 0 | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| NS/NC | 0 | 0 | 0 | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| | **41** | **39** | **80** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| ***¿RESOLVEU AS SÚAS DÚBIDAS?*** | | | | | | |
| Totalmente | 24 | 28 | 52 | 58,54% | 71,79% | 65,00% |
| Nalgúns casos | 17 | 11 | 28 | 41,46% | 28,21% | 35,00% |
| Case nunca | 0 | 0 | 0 | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| NS/NC | 0 | 0 | 0 | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| | **41** | **39** | **80** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| ***¿ACADOU OS OBXECTIVOS QUE AGARDABA?*** | | | | | | |
| Si | 38 | 34 | 72 | 92,68% | 87,18% | 90,00% |
| De xeito parcial | 3 | 5 | 8 | 7,32% | 12,82% | 10,00% |
| Non | 0 | | 0 | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| NS/NC | 0 | | 0 | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| | **41** | **39** | **80** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| ***¿RECOMENDARÍA O CURSO?*** | | | | | | |
| Si | 41 | 39 | 80 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| Non | 0 | 0 | 0 | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| | **41** | **39** | **80** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |

Aos enquisados tamén se lles consultaba sobre a materia impartida, pedíndolle que cualificaran entre 0 e 10 os diferentes bloques formativos.

Así, no curso de ***xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza,*** os temas cos que os enquisados amosaron maior satisfacción foron, por esta orde*, o réxime documental, a lexislación, o réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal, e as comunicacións internas e externas da asociación*.

| Contidos | Nota media |
|---|---|
| Bloque 2 (Réxime documental) | 8,90 |
| Bloque 1 (Lexislación) | 8,85 |
| Bloque 3 (Réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal) | 8,83 |
| Bloque 4 (Comunicacións internas e externas da asociación) | 8,78 |

E no curso de ***seguridade na caza e primeiros auxilios,*** os relatorios que máis gustaron aos enquisados foron, por esta orde*: a seguridade nas cazarías colectivas, a manipulación e seguridade no consumo de carne de caza, a contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza, os primeiros auxilios e a lexislación.*

| Contidos | Nota media |
|---|---|
| Bloque 1 (Seguridade nas cazarías colectivas) | 9,10 |
| Bloque 3 (Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza) | 9,08 |
| Bloque 4 (Contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza) | 9,08 |
| Bloque 5 (Primeiros Auxilios) | 9,05 |
| Bloque 2 (Lexislación) | 8,87 |

# ACTIVIDADE II: CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN

Ademais do material divulgativo distribuído entre os participantes dos cursos formativos que se sinalou no apartado anterior, a FGC repartiu a través ***Campaña de divulgación e fomento da actividade cinexética***, **entre cazadores e sociedades de caza** diverso material relacionado coa seguridade cinexética (sinais de atención cazaría, chalecos de visibilidade, viseiras de visibilidade, libros de seguridade na caza, de seguridade na organización de cazarías e decálogo do cazador, entroutros).

